



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

CONCESIÓN PROVISIONAL DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024

ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE NOVE DE AGOSTO DE 2024 DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA LISTAXE DO ACORDO DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2024 (ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DOCE DE XULLO DE 2024)

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día nove de agosto de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día doce de xullo de dous mil vinte e catro, aprobou o acordo de concesión provisional de premios a deportistas individuais, anualidade 2024.

Tendo en conta que o referido acordo de carácter provisional, se notificou aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións, a través da publicación no BOP N.º 168 do sábado, 20 de xullo de 2024 e que realizada a publicación se detectou erro material na transcripción do nome de un dos deportistas relacionados na listaxe da acta da Comisión de Avaliación e na respectiva proposta de acordo de concesión provisional.

Visto o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Visto que o referido erro material consistiu na mala transcripción do nome de un dos deportistas solicitantes e que por tanto se acredita que o erro material é patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non produce unha alteración fundamental no sentido do acto.

Tendo en conta que a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto, neste caso a Xunta de Goberno.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, proponlle a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Corrixir e emendar o erro sinalado na listaxe do acordo de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2024, aprobado por Xunta de Goberno de data doce de xullo de dous mil vinte e catro, no seguinte sentido:

· Onde di:

2024/PES_03/007082LUCÍA VILLAR MOA	***1757**	ATLETISMO	300,00 €
------------------------------------	-----------	-----------	----------

· Debe dicir:

2024/PES_03/007082LUCA VILLAR MOA	***1757**	ATLETISMO	300,00 €
-----------------------------------	-----------	-----------	----------

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos/as asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

Lugo, 13 de agosto de 2024.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04/07/2024. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Montserrat Conde López.

R. 2473

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 12.08.2024 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 12 de agosto de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2474

BARREIROS

Anuncio

No pleno do 12 de agosto de 2024 aprobouse inicialmente a Ordenanza municipal de xestión da biomasa e actividades forestais en solos de núcleo rural, urbanizable delimitado e urbano para a prevención de incendios forestais no Concello de Barreiros.

Sométese o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.